

# NORMAS PARA A ACEPTACIÓN DE RESUMOS.

## XXIV XORNADAS AGAMFEC

---

Envío de resumos dos traballos: Do 28 DE XUÑO de 2021 ata o 31 DE XULLO de 2021.

1. Poden ser traballos orixinais e tamén traballos xa presentados en anteriores congresos durante o ano anterior a data das xornadas (citando o congreso) con excepción dos casos clínicos que só se aceptarán orixinais. Pódense remitir vía telemática desde a web do congreso no apartado COMUNICACIÓNS.
2. Os traballos remitidos poderán ser:
  - a. Resultados de Investigación.
  - b. Comunicacóns de experiencias (organizativa, asistencial, educativo-docente, de intervención comunitaria).
  - c. Proxectos de investigación.
  - d. Casos clínicos de especial interese no ámbito da Atención Primaria.
3. O número máximo de autores será:
  - a. Para Comunicacóns de Resultados de Investigación, Proxectos de Investigación e Comunicacóns de Experiencias: máximo 6 autores.
  - b. Para Comunicacóns de Casos clínicos: máximo 4 autores.
4. **NON DEBE INDICARSE A PROCEDENCIA DO ESTUDO** no título, nin no texto do resumo.  
Deberanse evitar alusións que permitan localizar ás persoas ou ó centro en concreto onde se levou a cabo o estudo (será motivo de rexeitamento por parte do Comité Científico).
5. **Non se admitirán** cadros, figuras, nin gráficos no resumo.
6. En caso de **financiamento externo** debe citarse a procedencia do mesmo. Se se trata dun ensaio clínico hai que citar o CEIC que concedeu a autorización.
7. Para calquer-tipo de comunicación, os autores deberán decidir:
  - a. Que **tipo de investigación** elixen (resultado de investigación, proxecto de investigación, comunicación de experiencia ou caso clínico).
  - b. O **tipo de presentación** preferida (oral, póster ou indistintamente).
8. Aínda que o autor deba indicar se opta por comunicación oral ou tipo póster, o Comité Científico **poderá variar a súa forma definitiva de presentación**, para a mellor organización do congreso, así como incluír o traballo noutras actividades do congreso, mesas, debates, etc., segundo a interese e a liña temática do mesmo.
9. En caso de que a **comunicación** resulte **aceptada**, SERÁ NECESARIO, que **polo menos un autor se inscriba ó congreso** para poder presentala.

# NORMAS PARA A ACEPTACIÓN DE RESUMOS.

## XXIV XORNADAS AGAMFEC

---

A forma e normas de presentación comunicaranse trala aceptación dos resumos.

**A estrutura dos diferentes traballos** será a seguinte:

### **RESULTADOS DE INVESTIGACIÓN**

As comunicacións de **resultados de investigación** deberán presentar un resumo estruturado (**máximo 300 palabras**) que debe conter os seguintes apartados:

- Obxectivo
- Material e métodos: deseño, ámbito de realización e marco ou nivel de atención sanitaria, criterios de selección, número de suxeitos incluídos, número de suxeitos que responden e abandonos, intervencións (se procede), variables e métodos de avaliación da resposta. Análise estatística, limitacións, aspectos ético-legais.
- Resultados
- Conclusións

### **EXPERIENCIAS**

O grupo de comunicacións sobre **experiencias** ofrece a oportunidade de presentar **experiencias novidosas de tipo organizativo, asistencial, educativo, docente ou de calquera outra esfera** que, pola súa formulación ou polos seus resultados, **poidan ser de especial interese para os asistentes ao congreso**, para o conxunto dos médicos de familia ou da organización sanitaria na que desempeñamos o noso labor. O seu resumo (**máximo 300 palabras**) incluírá os seguintes apartados:

- Obxectivos da experiencia
- Descrición da experiencia
- Conclusións
- Aplicabilidade

### **PROXECTOS DE INVESTIGACIÓN**

O formato para este tipo de comunicacións debe conter os seguintes apartados (**máximo 300 palabras**):

- Obxectivos
- Material e métodos: deseño, lugar de realización e marco ou nivel de atención sanitaria, criterios de selección, número de suxeitos necesarios, muestreo, intervencións, análise estatística, medicións e intervencións, variables que se estudasen, análise estatística proposta, limitacións do estudo.
- Aplicabilidade dos resultados esperados
- Aspectos ético-legais
- Financiamento
- Especificar se é ou non MULTICÉNTRICO

# NORMAS PARA A ACEPTACIÓN DE RESUMOS.

## XXIV XORNADAS AGAMFEC

---

### CASOS CLÍNICOS

A comunicación de **casos clínicos** centrarase en pacientes **atendidos fundamentalmente en Atención Primaria** e ós que se realizou un seguimento e se estableceu un diagnóstico, compartido ou non co nivel hospitalario, pero que o labor do Médico de Familia sexa relevante.

Os casos clínicos enviados para a valoración do Comité Científico **poderán referirse ás distintas facetas do traballo do médico de familia**, que van desde a utilización do razoamento clínico, ó manexo da incerteza, actuación ante síntomas ou signos de alarma, necesidade de abordaxe biopsicosocial en diferentes contextos, atención lonxitudinal, actividades de prevención e promoción da saúde, comunicación médico-paciente, problemas bioéticos, etc.

En definitiva, **queremos recibir aqueles casos clínicos** que nos vosos centros poidan ser obxecto dunha sesión clínica e cuxa comunicación ó resto de congresistas poida aportar un mellor coñecemento dos nosos pacientes en Atención Primaria e aumentar a nosa capacidade de resolución de problemas de saúde.

Recoméndase a solicitude do consentimento informado do paciente sobre o que se envíe o caso clínico, considerando, por parte do comité científico, un elemento de calidade a solicitude do mesmo. ([consentimento informado](#)).

O **resumo (máximo 300 palabras)** debe conter os seguintes apartados:

- Ámbito do caso: Atención Primaria, Servizos Urgencias
- Motivos de consulta
- Historia clínica
  - Enfoque individual: Antecedentes persoais, Anamnese, Exploración, Probas complementarias.
  - Enfoque familiar e comunitario: Estudo da familia e a comunidade o Xuízo clínico, diagnóstico diferencial, identificación de problemas.
  - Tratamento, plans de actuación.
  - Evolución.
- Conclusións (e aplicabilidade para a medicina de familia)

Máis información en: [www.agamfec.com](http://www.agamfec.com)

Nome

Apelidos

DNI

Centro de Traballo